



| | | |
|---|----------------------------------|---|
| Contrato de subministración Procedemento aberto Tramitación ordinaria | | |
| <i>Documento</i> CON14I32A | <i>Expediente</i> CON/30/2020 | <i>Data Creación:</i> 15-10-20 10:48 |

ACTA DA 1ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Subministración e instalación do alumeado temporal para as celebracións de Nadal do ano 2020.

TIPO DE LICITACIÓN: 213.580,60 euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Aberto.

LUGAR, DATA E HORA: Videoconferencia, plataforma ZOOM, 14 de outubro de 2020, ás 8.30 horas.

ASISTENTES:

Presidente: Gonzalo Muíños Sánchez, concelleiro delegado de Festas.

Vogais: Pedro Sánchez Mariño, enxeñeiro técnico municipal.
Jesús Noya Liste, en representación da Intervención Xeral.
Iñaki Bilbao Castro, letrado da Asesoría Xurídica.

Secretario: Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

OFERTAS PRESENTADAS:

| NÚMERO DE ORDE | DATA DE PRESENTACIÓN | CIF | NOME DO LICITADOR |
|-----------------------|-----------------------------|------------|----------------------------------|
| 1 | 08/10/2020 18:14 | B15279359 | ILUMINACIONES SANTIAGUESAS, S.L. |

Constituída a mesa, toma a palabra o letrado da Asesoría Xurídica municipal, para manifestar o seu desacordo coa composición da mesma, e, en concreto, coa validez da presenza da representación da Intervención municipal. Esta representación lle foi conferida por decreto de Alcaldía de 13 de outubro, con causa no gromo de COVID-19 aparecido no departamento de Intervención que determinou que todo o persoal empregado público dese servizo garde illamento durante un período mínimo de 10 días. Ante a necesidade de afrontar esta situación e evitar os prexuízos para o interese público derivados da paralización dos procedementos de licitación, resolveuse designar a Jesús Noya Liste, persoal laboral fixo técnico do grupo superior destinado na Oficina Orzamentaria.

Trasladado ao letrado a existencia deste decreto e confirmando, así mesmo, o secretario da mesa que o seu criterio xurídico é que a mesa está validamente constituída, faise constar neste acta o criterio contrario da representación da asesoría xurídica.

A continuación, procédese á verificación da presentación, por parte dos licitadores, da declaración responsable acreditativa do cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa administración, resultando que todos eles apórtana correctamente cumprimentada.

Finalmente, lévase a cabo a apertura pública dos arquivos electrónicos que conteñen os criterios de adxudicación dependentes dun xuízo de valor, momento no que se dá acceso aos representantes das empresas interesadas, non resultando ningunha incidencia de tipo formal, polo que se acorda o traslado da documentación do único licitador presentado aos técnicos municipais para os efectos de realizar o informe valorativo e os cálculos das puntuacións correspondentes.

Ás 8.50 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE
O PRESIDENTE DA MESA**

O SECRETARIO DA MESA



| | | |
|---|----------------------------------|---|
| Contrato de subministración Procedemento aberto Tramitación ordinaria | | |
| <i>Documento</i> CON14I32A | <i>Expediente</i> CON/30/2020 | <i>Data Creación:</i> 15-10-20 10:48 |

ACTA DA 2ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Subministración e instalación do alumeado temporal para as celebracións de Nadal do ano 2020.

TIPO DE LICITACIÓN: 250.000 euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: aberto

LUGAR, DATA E HORA: Sección de Contratación, Rúa Presidente.Salvador Allende, nº 6-8, _____, ás _____ Horas.

ASISTENTES:

Presidente:

Vogais:

Juan Ramón González Carnero, Interventor Xeral Municipal.

M. Luisa Prego de Oliver López, letrada da asesoría xurídica municipal.

Secretario: Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Tamén asisten D. _____

A Mesa de Contratación procede ó exame do informe valorativo realizado polos técnicos municipais sobre os criterios de adxudicación dependentes dun xuízo de valor no que se da conta das puntuacións acadadas por cada licitador e póñense de manifesto ós presentes na reunión. Este informe acompáñase á presente acta.

A continuación procédese á apertura dos sobres que conteñen a documentación xustificativa dos criterios de adxudicación avaliados mediante fórmulas dos distintos licitadores admitidos, que ten como resultado o seguinte:

| Nº DE ORDE | NOME DO LICITADOR | PREZO OFERTADO (euros IVA excluído) | PRAZO DE EXECUCIÓN OFERTADO |
|-------------------|--------------------------|--|------------------------------------|
| 1 | | | |
| 2 | | | |
| 3 | | | |
| 4 | | | |
| 5 | | | |
| 6 | | | |
| 7 | | | |
| 8 | | | |
| 9 | | | |

Rematada a apertura de todos os sobres cos criterios obxectivos, a mesa acorda o traslado desta documentación ós técnicos municipais ós efectos de realizar os cálculos das puntuacións correspondentes a cada licitador sobre os devanditos criterios así como a puntuación final acadada por cada un deles en todo o proceso licitatorio.

Ás _____ horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE
O/A PRESIDENTE DA MESA**

O/A SECRETARIO/A DA MESA



| | | |
|---|----------------------------------|---|
| Contrato de subministración Procedemento aberto Tramitación ordinaria | | |
| <i>Documento</i> CON14I32A | <i>Expediente</i> CON/30/2020 | <i>Data Creación:</i> 15-10-20 10:48 |

ACTA DA 3ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Subministración e instalación do alumado temporal para as celebracións de Nadal do ano 2020.

TIPO DE LICITACIÓN: 250.000 euros máis IVE. **PROCEDEMENTO:** aberto

LUGAR, DATA E HORA: Sección de Contratación, Rúa Presidente.Salvador Allende, nº 6-8, _____, ás _____ Horas.

ASISTENTES:

Presidente:

Vogais:

Juan Ramón González Carnero, Interventor Xeral Municipal.

M. Luisa Prego de Oliver López, letrada da asesoría xurídica municipal.

Secretario: Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

A mesa de contratación procede á análise do informe valorativo final sobre os diferentes criterios de adxudicación que se recollen no prego de condicións que rexe esta licitación, informe no que se reflicten os cálculos das puntuacións parciais e totais dos distintos licitadores admitidos e que se acompaña á presente acta.

Da análise do referido informe despréndese que quen acada a máxima puntuación no proceso licitatorio e, consecuentemente, é a oferta economicamente máis vantaxosa das presentadas é o licitador _____.

De conformidade cos termos dese informe a mesa de contratación, **ACORDA:**

PRIMEIRO: Excluir da licitación á empresa

SEGUNDO: Trasladar á concelleira delegada de economía, facenda, persoal, contratación e modernización da administración local o resultado desta licitación, ós efectos de que, dentro das súas competencias, resolva requirir ó licitador _____, que acadou a máxima puntuación no procedemento e oferta un importe de _____ euros IVE aparte, para que dentro do prazo de _____ días hábiles a contar desde o día seguinte ó da recepción do requirimento, acredite contar coa esixible solvencia técnica e económica, coa necesaria capacidade de obrar, e xustifique documentalmente estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e proceda ó aboamento da fianza, taxas e timbres municipais correspondentes.

Ás _____ horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE
O/A PRESIDENTE DA MESA**

O/A SECRETARIO/A DA MESA



| | | |
|---|----------------------------------|---|
| Contrato de subministración Procedemento aberto Tramitación ordinaria | | |
| <i>Documento</i> CON14I32A | <i>Expediente</i> CON/30/2020 | <i>Data Creación:</i> 15-10-20 10:48 |

ACTA DA 4ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Subministración e instalación do alumeado temporal para as celebracións de Nadal do ano 2020.

TIPO DE LICITACIÓN: 250.000 euros máis IVE. **PROCEDEMENTO:** aberto

LUGAR, DATA E HORA: Sección de Contratación, Rúa Presidente.Salvador Allende, nº 6-8, _____, ás _____ Horas.

ASISTENTES:

Presidente:

Vogais:

Juan Ramón González Carnero, Interventor Xeral Municipal.

M. Luisa Prego de Oliver López, letrada da asesoría xurídica municipal.

Secretario: Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Os membros da mesa de contratación, logo de analizar a documentación acreditativa da solvencia económica e técnica así como da capacidade de obrar presentada polo licitador proposto como adxudicatario, _____, consideran acreditada a mesma, e polo tanto ratifican a proposta de adxudicación acordada na anterior sesión desta mesa de contratación a favor do mencionado licitador.

Ás _____ horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

Vº E PRACE

O/A PRESIDENTE DA MESA

O/A SECRETARIO/A DA MESA